



Confederación Intersindical Galega

[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)

# INFORMA

marzo 2009

## Mesa de negociación do 13 de marzo

# O Xerente do Consorcio anuncia que o proceso selectivo segue

Na mesa de negociación que se está a celebrar hoxe 13 de marzo no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Servizos Sociais, a CIG esixiu dos representantes do Consorcio un compromiso claro co desenvolvemento do proceso selectivo en marcha, comunicándolles aos representantes do persoal as datas previstas para a continuación das oposicións. O Xerente do Consorcio anunciou que o proceso segue os canles

ordinarios e informa do seguinte: Hai máis de 100 solicitantes no proceso para os postos convocados nos Servizos Centrais, sobrepasan os mil solicitantes para as distintas categorías dos centros de día, e son ao redor das 2.600 as persoas participantes nos distintos procesos para as Galescolas. As datas previstas para a continuación do proceso son as seguintes:

**Luns 16.** Listaxe definitivas de admitidos para Servizos Centrais e Galescolas. Listaxes Provisoriais para Xerocultores e PSX de Centros de Día.

**Martes 17 ou mércores 18.** Nomeamento dos tribunais para os Servizos Centrais e Galescolas

**Sábado 21 de Marzo.** Realización da primeira fase das probas para servizos Centrais e Galescolas. Está previsto que estas probas se desenvolvan nos Campus Universitarios da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

**Martes 24 de marzo.** Nomeamento dos tribunais para técnicos dos Centros de Día

**Sábado 28 de marzo.** Desenvolvemento da primeira fase das probas para técnicos para Centros de Día. Fase centralizado en Santiago.

**Luns 30 de marzo.** Listaxe definitiva de xerocultores e PSX de Centros de Día. E en días seguintes nomeamento dos tribunais.

**Sábado 11 de abril.** Desenvolvemento da primeira fase das probas para xerocultores e PSX de Centros de Día.

A CIG mantén a convocatoria do peche para o martes 17 ás 11:00 h condicionado a que se comprobe o cumprimento destes prazos.

No caso do incumprimento, o peche será o comezo dunha serie de mobilizacións até acadar a continuidade do proceso selectivo.